

I
JOHANN NEPOMUK HUMMEL (1778-1837)
Fantasía para viola e orquestra en Re maior, op. 94

Álvaro Godoy, viola

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)
Concerto para frauta núm. 1 en Sol maior, KV. 313

Cristina Pati, frauta

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)
Concerto para trompa núm. 4 en Mi-bemol maior, KV. 495
Allegro maestoso

Sergio Sánchez, trompa

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)
Sinfonía concertante en Mi-bemol maior, KV. 364

Julia Filón, violín
Ayşe Yavuz, viola

II
JOHANN NEPOMUK HUMMEL (1778-1837)
Concerto para trompeta en Mi-bemol maior
Allegro con spirito

Roberto Bolaño, trompeta

GIOVANNI BOTTESINI (1821-1889)
Concerto para contrabaixo en Si menor núm. 2
Andante

Marcos Vázquez, contrabaixo

PABLO DE SARASATE (1844-1908)
Aires bohemios, op. 20

Carla Alonso, violín

PIOTR ILYICH TCHAIKOVSKY (1840-1893)
Concerto para violín en Re maior, op. 35
Allegro moderato

Pau Fogàs, violín

Duración: 90 minutos con pausa

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Concertos Fin de Curso do alumnado do Curso Avanzado de Especialización Orquestral

Como colofón dos seus estudos, cada un dos alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral participa nestes concertos públicos realizando unha interpretación solista destacada.

LUNS 6

Ayşe Yavuz viola
Roberto Bolaño trompeta
Julia Filón violín

Dobrinka Tabakova, Franz Joseph Haydn,
George Enesco e Wolfgang Amadeus Mozart

MARTES 7

Carla Alonso violín
Álvaro Godoy viola

Wolfgang Amadeus Mozart, Piotr Ilyich Tchaikovsky,
Serge Prokofiev, Johann Nepomuk Hummel
e Max Bruch

MÉRCORES 8

Pau Fogàs violín
Julia Filón violín
Marcos Vázquez contrabaixo
Ayşe Yavuz viola

Piotr Ilyich Tchaikovsky, Pablo de Sarasate,
Ludwig van Beethoven, Karl Ditters von Dittersdorf,
Giovanni Bottesini e Wolfgang Amadeus Mozart

LUNS 13

Carmen Diego violoncello
Ruth Santiago óboe
Tonio Comesaña clarinete

Johannes Brahms, Wolfgang Amadeus Mozart,
Igor Stravinsky, Clara Wieck Schumann
e Leonard Bernstein

MARTES 14

Marta Balsa fagot
Cristina Pati frauta
Sergio Sánchez trompa

Willson Osborne, Carl Maria von Weber, Franz Schubert,
Cécile Chaminade, Wolfgang Amadeus Mozart
e Richard Strauss

MÉRCORES 15

Ana Represas violoncello
Daniela Lewysohn violín
Natalia Hernantes violín

Franz Joseph Haydn, Robert Schumann,
Johann Sebastian Bach, Jean Sibelius,
Wolfgang Amadeus Mozart, Eugène Ysaÿe e Piotr Ilyich

XOVES 16 | Auditorio de Galicia

Concerto do Curso Avanzado de
Especialización Orquestral
coa Real Filharmonía de Galicia

Maximino Zumalave director

Wolfgang Amadeus Mozart, Johann Nepomuk Hummel,
Piotr Ilyich Tchaikovsky, Pablo de Sarasate,
Giovanni Bottesini e Wolfgang Amadeus Mozart

VENRES 17

Sergio Sanchís percusión
Estefanía del Barrio violín

Johann Sebastian Bach, Áskel Masson, Antonio Pasculli,
Philip Glass, Nicolò Paganini, Jean Sibelius
e Salvador Brotons

Entrada libre ata completar cabida

www.eaem.es



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSAICAIS
CONSORCIO DE SANTIAGO

A Escola na Cidade | 2021-2022

Concerto Extraordinario

Curso Avanzado de Especialización Orquestral

Auditorio de Galicia | 20.30 h | Maximino Zumalave, director

Xoves 16 xuño 2022

Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Maxinimo Zumalave | Director

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela. Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmair, as irmás Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

ALUMNOS SOLISTAS

Cristina Pati | Frauta

Comezou a tocar a frauta en Italia aos dezasete anos. En pouco tempo obtivo un título de tres anos e unha maestría en frauta coa máxima cualificación no ISSM “O. Vecchi - A. Tonelli” en Módena, baixo a dirección dos Mestres M. Marasco, A. Oliva e G. Betti. Durante e despois do período académico é gañadora de numerosos concursos nacionais e internacionais. Asiste á prestixiosa Academia Nacional de Santa Cecilia en Roma. Ao mesmo tempo asistiu á Academia de Frauta de Boloña, baixo a dirección do Mestre D. Alfano. Desde 2019 é frautista na Escola de Ópera do Teatro Comunale de Boloña. Colaborou coa Orquestra do Teatro Municipal de Boloña.

Álvaro Godoy Usó | Violín

Nado en 1998 en Gandía (Valencia), comeza os estudos de viola na Sociedad Musical Artística de Buñol (Valencia), obtendo en 2020 o título superior de interpretación no Conservatorio “Joaquín Rodrigo” de Valencia. Asiste a clases maxistrais cos profesores Wilfried Strehle, Francisco Llopis, Joaquín Riquelme, José Manuel Román, Pilar Marín, David Fons, Julia Hu e Sergio Sáez. Obtén diferentes premios como o Primeiro Premio absoluto no Concurso de solistas “Luis Ayllón”, Primeiro premio en Música de cámara do Conservatorio Profesional de Oliva (Valencia), Primeiro Premio absoluto no Concurso internacional de Llíria (Valencia), Primeiro Premio absoluto do concurso internacional de música de cámara de Montserrat (Valencia). Do 2015 ao 2017 actúa como viola solista da Joven Orquesta de la Comunidad Valenciana (JORVAL). En 2021 é seleccionado como membro reserva da European Union Youth Orchestra EUYO 2021-22.

Sergio Sánchez | Trompa

Natural de Quintanar de la Orden (Toledo). Comeza os seus estudos de trompa á idade de 8 anos na Escola Municipal da súa localidade. En 2015 realiza a proba ao Real Conservatorio Superior de Música de Madrid para comezar os seus estudos co catedrático Santiago Calonge, finalizando en 2019 con sobresaliente no seu recital fin de carreira. É compoñente da Fundación Bareboim de Sevilla, onde continúa os seus estudos co profesor José Vicente Castelló. Tocou en diferentes novas orquestras como a JOGV (Valencia), JOIB (Illas Baleares) e JORCAM (Madrid), onde tamén colabora en distintos programas coa Orquesta de la Comunidad de Madrid (ORCAM), tocando baixo a batuta de importantes directores do panorama nacional e internacional.

Julia Filón | Violín

Nace en Mar del Plata, Arxentina, onde comeza os seus estudos de violín á idade de seis anos baixo a tutela do violinista Guillermo Sotelo. Continúa de forma particular co mestre Alexander Iakovlev. Foi membro de diversas agrupacións orquestrais tales como Orquesta del Instituto Superior de Arte del Teatro Colón, Orquesta Académica de Buenos Aires e Orquesta Sinfónica de Avellaneda.

Así mesmo, participou numerosas veces no Festival Schleswig Holstein Musik e colaborado no encontro de música de cámara Siete Lagos. Durante a súa formación, asistiu a clases maxistrais con Germán Clavijo, Ilya Kaller, Amaury Coeytaux, David Chivers, Antonio Spiller, Roman Spitzer, Jorg Heyer e Ingrid Zur. En 2021 finaliza os seus estudos superiores en Codarts: Hogeschool voor de Kunsten cos profesores Gordan Nikolić e Goran Gribajević.

Ayşe Yavuz | Violín

Naceu en Adana, Turquía en 1995. Comezou a tomar clases de violín aos 9 anos. Estudou no Conservatorio Estatal da Universidade de Çukurova e no Conservatorio Estatal da Universidade de Trakya. Participou na Orquestra de Cámara Trakya, Dogus Children ´s Symphony Orchestra e TUGFO (Nova Orquestra Nacional de Turquía). Recibiu clases maxistrais de profesores como Angel Stankov, Jano Lisboa, Beste Tiknaz Modiri, Rivka Golani e Carlo Costalbano. Participou no Festival Internacional da Academia de Música Clásica Çesme, Turquía. Estudou co profesor Francesc Gaya no Conservatorio Superior de Música “Joaquín Rodrigo” de Valencia. Deu concertos coa Orquestra de Cámara de Eutherpe. Foi membro da Orquesta Filarmónica de la Universidad de Valencia.

Roberto Manuel Bolaño Amigo | Trompeta

Nace en Santiago de Compostela e comeza os seus estudos de trompeta á idade de 9 anos na Escola de Música de Rianxo co profesor Roberto Verde. Cursa o Grao Profesional co profesor José Rodríguez no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela e continúa os seus estudos superiores co profesor Roberto Bodí no Conservatorio Superior de Música de Castilla y León. Recentemente finalizou os seus estudos de máster na Hochschule für Musik Hanns Eisler de Berlín co profesor William Forman.

Foi membro de varias orquestras novas como a Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, a Joven Orquesta de la Real Comunidad de Madrid e a Gustav Mahler Jugendorchester. Tamén colaborou coa Orquestra Sinfónica de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia, a Orquesta de la Radio Televisión Española e a Orquesta Sinfónica de Castilla y León.

Na actualidade compaxina os seus estudos de posgrao en Especialización Orquestral da Real Filharmonía de Galicia co profesor Javier Simó, co último curso dos estudos de Grao en Educación Infantil na Universidade de Santiago de Compostela e o seu posto como profesor de trompeta na Escola de Música de Rianxo.

Marcos Vázquez Rendo | Contrabaixo

É natural de Santiago de Compostela, onde comezou a súa andaina na música. Realizou os graos elemental e profesional de contrabaixo no CMUS de Santiago de Compostela. Cando comezou o grao profesional empezou a tocar nunha banda de música popular e uns anos máis tarde pasou as probas para entrar na “Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia”. Isto levouno a interpretar obras clásicas das máis importantes para o canon clásico e coller experiencia como músico de orquestra. Anos despois desprazouse a Barcelona para estudar o superior na ESMUC, e seguiu formándose na interpretación clásica e contemporánea con contrabaixistas como Uxía Martínez Botana ou Andrew Ackerman,

Carla Alonso Borrego | Violín

Naceu en Madrid en 1997. Comezou os estudos de violín aos catro anos co profesor Sergio Castro na Escuela de Música CEDAM en Madrid. Posteriormente continuou a súa formación con Sergey Fatkulín. Actualmente está a estudar o Máster de Perfeccionamento en Sibelius Academy, co profesor Tero Latvala. Estudou na Escuela Superior de Música Reina Sofía desde 2015 até 2018, na Cátedra de Violín Telefónica co profesor Marco Rizzi e na Escola Superior de Música Katarina Gurska desde 2018 até 2019 co profesor Sergey Teslya. Foi membro da Nova Orquestra da Unión Europea (EUYO) en 2019 e da Gustav Mahler Jugendorchester (GMJO) en 2021. Actualmente continúa a súa formación no Curso Avanzado de Especialización Orquestral na EAEM.

Pau Fogàs Lomas | Violín

Nacido en 1997 en Reus (Cataluña), empeza os estudos musicais no conservatorio da súa cidade natal co profesor de violín Maurici Dalmau. Realizou os estudos de Grao Superior en Musikene baixo a tutela do violinista Aitzol Iturriagagoitia. En 2021 obtén o título de máster coa cualificación de Cum Laude polo “Royal Conservatory of Antwerp” de Anveres (Bélxica), realizado cos violinistas Tatiana Samouil, Alexei Moshkov e Benjamin Braude.

Actualmente é membro de diversas orquestras como a Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), a Nova Orquestra de Holanda (NJO) e a Nova Orquestra de Flandes (YOF), entre outras. Ademais, foi academista da Orquesta Sinfónica de las Islas Baleares e foi colaborador de orquestras como a Sinfónica de Bilbao, a Arte Amanti Chamber Orquestra, a Orquestra Julià Carbonell de Lleida e a Orquestra Camerata XXI de Reus.